

AS MESTURAS

Unha **mestura** é un composto de diferentes substancias que pode variar a súa composición.

As mesturas poden ser de dous tipos: mesturas homoxéneas e mesturas heteroxéneas:

Heteroxénea

Diferéncianse distintos compoñentes a primeira ollada. Na mestura do iogur cos amorados podemos diferenciar perfectamente ambos os elementos.



Homoxénea

Non poden diferenciarse os seus compoñentes a primeira ollada, nin cun microscopio. Chámanse disolucións e nelas o compoñente que se presenta en maior cantidade denomínase **disolvente**, mentres que os demais son o **soluto**.



Unha volta polo mundo

Mesturas que alimentan!

Na nosa dieta diaria comemos numerosas pratos que son mesturas. Durante unha semana anota os diferentes alimentos que vaia tomando. Fixate en que a maioría deles son mesturas.

- Di que pratos da túa lista son mesturas homoxéneas e cales son mesturas heteroxéneas.
- Como se prepararon cada unha desas mesturas?



12. Une no teu caderno cada definición co termo ao que fai referencia:



- | | |
|---|-----------------------|
| - A súa composición é variable e non distinguimos os seus compoñentes. | - Mestura |
| - Ten unha composición constante. | - Mestura heteroxénea |
| - Non poden descompoñerse noutras substancias máis simples. | - Elemento |
| - Está formada por máis dun elemento, pero a súa composición é constante. | - Composto |
| - A súa composición non é constante. | - Substancia pura |
| - Distinguimos os compoñentes a primeira ollada. | - Mestura homoxénea |